

INFORMACIÓN RELEVANTE SOBRE A RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS INFECTADOS POLO COVID-19

Pola presente, damos traslado da instrución da Xunta sobre o procedemento a seguir para o abastecemento dos EPIs precisos para os servizos de recollida e tratamento de residuos de competencia municipal.

As necesidades deste material deben concretarse mediante a formalización dun formulario específico para esta finalidade que as entidades locais teñen dispoñible na web da FEGAMP (www.fegamp.gal/info-coronavirus).

Todas as peticións de material para o devandito servizo deben realizarse a través desta canle para ser remitidas á autoridade competente.

Por outra banda, ante as dúbidas que se están a plantexar respecto ao modo de proceder na recollida de residuos de persoas infectadas polo COVID-19 e o sobrecusto que isto pode levar, prégase aos concellos dean debido traslado destas cuestións para facer o propio ante as autoridades competentes.

NOTA: O formulario mencionado anteriormente é específico para material destinado á seguridade na recollida de residuos infectados polo coronavirus, non se aceptarán peticións de material para outros fins. As solicitudes de EPIs para outros servizos municipais deberán seguir a canle habitual habilitada tamén na web da FEGAMP.